

Composición de texto 4: A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (2)

Doc. 1 Constitución de 1845

Dona Isabel II, pola gracia de Deus e da Constitución (...)

Art. 2.- Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con suxeición ás leis.

Art. 11.- A relixión da nación española é a católica, apostólica e romana. O Estado obrígase a manter o culto e ós seus ministros.

Art. 12.- A potestade de facer as leis reside nas Cortes co Rei.

Art. 13.- As Cortes compóñense de dous Corpos colexisladores, iguais en facultades: o Senado e o Congreso dos Deputados.

Art. 14.- O número de senadores é ilimitado: o seu nomeamento pertence ó Rei.

Art. 15.- Só poderán ser nomeados senadores os españois que, ademais de ter trinta anos cumpridos, pertencen ás clases seguintes: Presidentes dalgún dos Corpos colexisladores, Senadores ou deputados admitidos tres veces nas Cortes, Ministros da Coroa, Conselleiros de Estado, Arcebispos, Bispos, Grandes de España, Capitáns xenerais do Exército e Armada, Tendentes xenerais do Exército e Armada, Embaixadores, Ministros plenipotenciarios, Presidentes de tribunais Supremos e Ministros fiscais dos mesmos. Os comprendidos nas categorías anteriores deberán, ademais, gozar de 30 000 reais de renda.

Art. 20.- O Congreso dos Deputados comporase dos que nomeen as xuntas electorais na forma que determine a lei. (...)

Art. 22.- Para ser deputado requírese ser español, do estado segrar, ter cumprido vinte e cinco anos, gozar de rendas procedentes de bens raíces ou pagar por contribucións directas a cantidade que a lei electoral esixa.

Art. 35.- O Rei e cada un dos corpos colexisladores teñen a iniciativa das leis.

Art. 72.- En cada provincia haberá unha Deputación provincial, elixida na forma que determine a lei.

Art. 73.- Haberá nos lugares Alcaldes e Concellos. Os Concellos serán nomeados polos veciños a quen a lei lles confira este dereito.

Doc. 2.- O Manifesto de Manzanares, 1854

Españois (...) Nós queremos a conservación do trono, pero sen camarilla que o deshonne; queremos a práctica rigorosa das leis fundamentais, mellorándoas, sobre todo a electoral e a de imprenta; queremos a rebaixa dos impostos, fundada nunha estrita economía; queremos que se respecten nos empregos militares e civís a antigüidade e os merecementos; queremos arrincar os pobos a centralización que os devora, dándolles a independencia local necesaria para que conserven e aumenten os seus intereses propios, e como garantía de todo isto queremos (...) a Milicia Nacional. Tales son os nosos intentos, que expresamos francamente, sen impoñelos por iso á nación.

Doc. 3 TENDENCIAS POLÍTICAS DE 1860

Os moderados representan un paso máis na escala do progreso, non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano, dereito histórico e da raza, pero o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses; e conservando as institucións do absolutismo, líganas o menos mal que poden coas novas, que deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias.

Os progresistas parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros. O rei, segundo eles, éo porque a nación quere que o sexa, e non porque o herdara dos seus devanceiros.

Hai unha fracción demócrata que cre posible a amalgama da monarquía e dos principios democráticos, da liberdade individual e da soberanía nacional.

Segue a esta a fracción republicana propiamente dita. A democracia como réxime político quere, segundo vemos nas súas publicacións, no canto do rei, un consello ou xunta federal composta, como en Suíza, por un ou máis membros por cada provincia ou Estado. No canto de dúas cámaras, unha soa. No canto do censo electoral, o sufraxio universal para toda clase de eleccións. Os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, ós traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media.

(Fernando Garrido caracteriza en 1860 as tendencias políticas do momento)

Composición de texto 4: A CONSTRUCCIÓN DO ESTADO LIBERAL (2)

O período das rexencias do reinado de Isabel II (1833-1843) rematou co triunfo do pronunciamento de Torrejón de Ardoz encabezado polo xeneral Narváez e a proclamación da maioría de idade, con tan só trece anos, de Isabel II. No seu longo reinado gobernaron maioritariamente os liberais moderados, moitos deles espadóns que contaron co apoio da raíña e da súa camarilla.

O reinado efectivo de Isabel II (1843-1868) comeza coa Década Moderada (1844-1854), liderada por Narváez que intenta establecer un goberno oligárquico e un liberalismo doutrinario que prima a orde sobre a liberdade.

Nesta etapa promúlgase a **Constitución de 1845** (Doc. 1) que establece unha monarquía constitucional na que o rei/raíña ocupa o trono, pero ten que gobernar conforme ás leis (Doc. 1: “Dona Isabel II, pola gracia de Deus e da Constitución...”) e unha soberanía compartida, xa que o poder lexislativo corresponde ás Cortes co rei (Art. 12: “A potestade de facer as leis reside nas Cortes co rei” e Art. 35: “O Rei e cada un dos corpos colexisladores teñen a iniciativa das leis”). Recoñece a división de poderes, pero outorgando a supremacía á Coroa. O rei/raíña ostenta o poder executivo (nomea e cesa ós ministros), comparte a soberanía e o poder lexislativo coas Cortes: designa ós senadores (Art. 14: “O número de senadores é ilimitado: o seu nomeamento pertence ó rei”), convoca, suspende e dissolve case sen limitación as Cámaras. O poder lexislativo reside na Coroa e nas Cortes bicamerais (Senado e Congreso). Os senadores, nomeados pola Coroa, pertencen á oligarquía (Art. 15: “Só poderán ser senadores os españois que, ademais de trinta anos cumpridos, pertencen a [...] e deberán gozar de 30 000 reais de renda”). Os deputados, maiores de 25 anos e con rendas de ben raíces ou contribucións directas (Art. 22), serán electos por sufraxio censatario. O poder xudicial corresponde ós tribunais de xustiza. Determina a confesionalidade do Estado (Art. 11: “A relixión da nación [...] é a católica...”), a liberdade de prensa (Art. 2: “Todos os españois poden imprimir e publicar libremente as súas ideas sen previa censura, con suxeición ás leis”) e a elección de Deputacións e Concellos segundo determinen as leis (Art. 72 e 73). Esta Constitución vai estar vixente, agás no período do Bienio Progresista (1854-56) no que se volve á de 1837, ata o destronamento de Isabel II e a promulgación da Constitución de 1869, xa no Sexenio Democrático.

Os gobernos moderados de Narváez, actuando de forma excluínente e arbitraria, aprobaron leis restritivas que reducían en exceso o censo electoral, limitaban os dereitos individuais, establecían a censura previa ás publicacións e cerceaban a elección de Deputacións e Concellos (os alcaldes das capitais provinciais e da cidades grandes eran elixidos polo goberno e os das pequenas polo gobernador civil, e os concelleiros electos por sufraxio moi censatario).

Ademais, en substitución da Milicia Nacional, creouse a Garda Civil, un corpo armado destinado a manter a orde e reprimir altercados; asinouose o Concordato coa Santa Sé, garantindo a dotación á Igrexa, a confesionalidade do Estado, un ensino acorde á doutrina católica e a censura eclesiástica para velar polos bos costumes; e aprobouse unha reforma tributaria (a de Mon e Santillán) que reducía os impostos a directos e indirectos, prexudicando con estes ós grupos populares.

A actuación arbitraria e cada vez máis autoritaria destes gobernos dos moderados, que contaban co apoio da Coroa e menosprezaban ás Cortes, chegou ó cumio coa proposta de Bravo Murillo de establecer unha ditadura tecnocrática que suprimía definitivamente as Cortes e pretendía gobernar por decretos. O descontento aumentou non só entre os liberais progresistas senón tamén entre os moderados menos conservadores, que unen as súas forzas no pronunciamento de Vicalvaro (1854).

No **Manifesto do Manzanares** (Doc. 2), os sublevados, liderados por O'Donnell, prometen reformar o sistema vixente e respectar as leis fundamentais: monarquía constitucional (Doc. 2: “queremos a conservación do trono, pero sen a camarilla que o deshonne”), un sufraxio censatario menos restrinxido, a liberdade de imprenta (Doc. 2: “práctica rigorosa das leis fundamentais, mellorándoas, sobre todo a electoral e a de imprenta”), baixada de impostos (os impostos indirectos que recaían sobre as hipotecas, aduanas, consumos... prexudicaban á poboación menos favorecida e orixinaban malestar e revoltas), recoñecemento da antigüidade e dos méritos para os empregados civís e militares, descentralización e autonomía dos concellos (Doc. 2: “queremos arrincar ós pobos a centralización que os devora, dándolles a independencia local necesaria...”) e a creación da Milicia Nacional (Doc. 2: “queremos a Milicia Nacional”).

O triunfo da Vicalvarada obrigou á raíña a chamar ó goberno a Espartero, líder dos liberais progresistas, que contou coa colaboración de O'Donnell, un moderado, no ministerio da Guerra. Durante o Bienio Progresista (1854-1856) elaborouse un proxecto de carta magna, a Constitución *non nata* de 1856, que recollía os postulados progresistas: soberanía nacional, amplo sufraxio censatario, limitacións ó poder real... Tamén se aprobou a desamortización de Madoz, a Lei de ferrocarrís, etc. Pero o malestar social polos impostos de

consumos e polas quintas, os motíns de subsistencias, as primeiras folgas, a crecente débeda pública, o autoritarismo de Espartero... levaron a O'Donnell a dar un golpe de timón e apartar ós progresistas do poder.

Os últimos anos do reinado de Isabel II, entre 1856 e 1868, caracterízanse pola alternancia no poder dos moderados, liderados por Narváez, e dos unionistas, membros da formación política fundada por O'Donnell que agrupaba ós moderados máis centristas e progresistas máis conservadores. Ata 1863, os gobernos unionistas revitalizaron as Cortes, investiron en infraestruturas e educación e levaron unha activa política exterior para prestixiar á monarquía, espertar a exaltación patriótica e contentar ós militares. España gozou de estabilidade política e prosperidade económica. Pero a falta de apoios dos moderados e sobre todo da raíña provocaron a dimisión de O'Donnell. Desde 1863 Narváez impuxo un goberno autoritario que marxinou ás Cortes e ós grupos políticos e reprimiu ós opositores (revolta estudantil da noite de San Daniel, sublevación dos sarxentos do cuartel de San Gil) e o país viviu unha recesión económica que xerou malestar entre o sector empresarial, os obreiros e os estudantes. A insostible situación levou a amplos sectores políticos e sociais a promover un pronunciamento que rematase coa permanencia de Isabel II no trono. O Pacto de Ostende terá os seus froitos no triunfo da Revolución Gloriosa de 1868, que pon fin ó reinado de Isabel II e inicia o Sexenio Democrático.

Durante o reinado de Isabel II consolidouse o modelo de Estado liberal (recoñecemento de dereitos individuais, soberanía nacional, separación de poderes, promulgación de constitucións), pero tamén xurdiron diversas **tendencias dentro do liberalismo** (Doc. 3).

Os liberais moderados, que tiveron en Narváez ó seu máximo representante e na alta burguesía, na aristocracia latifundista e nas clases medias enriquecidas os maiores apoios (Doc. 3: “deben satisfacer os desexos das clases acomodadas, e unha pequena parte das medias”), defendían a soberanía compartida entre o rei e as Cortes (Doc.3: “non conceden senón a medias o principio da soberanía nacional. Din: o rei ten o seu dereito de ser soberano [...] o pobo tamén ten dereito a intervir co rei na xestión dos públicos intereses”); as amplas prerrogativas da Coroa; un moi restrinxido censo electoral para garantir que os votantes fosen da elite social; uns limitados dereitos e liberdades; o proteccionismo económico; os impostos indirectos; unha organización centralista do Estado que recortase a autonomía dos Concellos e das Deputacións; a confesionalidade católica do Estado e o mantemento do ensino nas mans da Igrexa; a creación de corpos militarizados para o mantemento da orde... A eles débese a Constitución de 1845. Dentro dos moderados abríronse tres tendencias: a dos autoritarios de Bravo Murillo, de posicións ultraconservadoras e modos autoritarios; a dos moderados de Narváez; e a dos puritanos de O'Donnell que forman a Unión Liberal de ideario máis centrista.

Os liberais progresistas, liderados por Espartero, tiveron o apoio da baixa burguesía, dos artesáns, dos modestos comerciantes, dos militares de baixa e media gradación, dos profesionais liberais... (Doc. 3: “os seus elementos máis activos pertencen ás profesións liberais, ós traballadores e artesáns, e unha parte máis considerable cada día á clase media”). A base social dos progresistas era ampla, pero o sistema electoral non os favorecía e tampouco contaban coa simpatía da Coroa, por iso tiveron que recorrer a pronunciamentos para acceder ó poder (por exemplo ó producido en Vicálvaro en 1854). Defendían a soberanía nacional (Doc. 3: “parten do principio da soberanía nacional, que colocan sobre todos os outros”, “O rei éo porque a nación quere que o sexa”); as limitacións do poder da Coroa; o sufraxio restrinxido, pero cun censo electoral máis amplo; a descentralización administrativa e a autonomía dos concellos; uns dereitos e liberdades amplos; o libre cambismo económico; a abolición dos consumos; a liberdade de cultos... Dentro do liberalismo progresista tamén se produciron escisións. Os máis conservadores integráronse na Unión Liberal. Os máis radicais, encabezados por Rivero, formaron o sector dos demócratas, que defendeu a soberanía nacional e logo a popular por sufraxio universal masculino; a ampliación de dereitos e liberdades; o Estado non confesional; e o papel social dun Estado que debía intervir no ensino, na asistencia social... para corrixir as desigualdades entre os cidadáns. Outro grupo, xurdido a finais de reinado de Isabel II, vai ser o dos republicanos, que defendían a instauración dunha república (Doc. 3: “no canto do rei, un consello ou xunta federal”; Cortes unicamerais (Doc.3: “no canto de dúas cámaras, unha soa”); o sufraxio universal masculino (Doc. 3: “o sufraxio universal para toda clase de eleccións”). Dentro dos republicanos uns van defender unha república unitaria e outros unha federal.

En conclusión, o reinado de Isabel II caracterizouse pola excesiva intervención da Coroa na vida política, a debilidade do sistema parlamentario, a fraxilidade das formacións políticas, o excesivo protagonismo dos espadóns, o dominio de gobernos conservadores que ás veces actuaron de forma autoritaria; e foi o período no que se construíu en España o Estado liberal.